



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MAR, E O CONSELLO REGULADOR DA AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA PARA A TRAMITACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR OS GASTOS CORRENTES DE DITA ENTIDADE NO ANO 2025.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Patricia García Sánchez, directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten formalizado co Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue o exercicio 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e CRAEGA, coa finalidade de financiar os gastos correntes que se produzan no ano 2025 derivados das actividades que desenvolva o devandito Consello ao longo do referido exercicio para a realización de accións no marco da produción en acuicultura ecolóxica en Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4





da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros. Así mesmo no seu artigo 2.3, a citada lei destaca: Impulsar o desenvolvemento e a ordenación responsable da acuicultura mariña.

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

O Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) é o órgano encargado do control e certificación das producións ecolóxicas en Galicia. O CRAEGA, no seu Regulamento de Funcionamento, publicado no DOG de 14 de abril de 2009, prevé coma unha das súas funcións a de difundir o coñecemento e a aplicación dos sistemas de produción ecolóxica e dos produtos ecolóxicos.

Que por canto a Consellería do Mar e o CRAEGA están interesados na potenciación do sector dos produtos da acuicultura ecolóxica certificada en Galicia, así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven desta actividade, cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións de promoción dos produtos ecolóxicos do mar.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

E para que conste, asíñase esta memoria,

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Patricia García Sánchez

